

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Lendas urbanas

As empanadillas do moribundo

Un pobre paisaniño do Courel (Lugo) estaba moi maliño deitado na súa cama cando sentiu o olor da comida que máis lle gustaba, as empanadillas que lle facía a súa muller.

A pesar do seu estado, non o puido resistir; ergueuse da cama, baixou as escaleiras e foi dereitiño á cociña. E alí estaban, sobre unha mesado de madeira, nun prato a reverquer, unhas empanadillas recién feitas e quentiñas. Máis cando lle bota a man a unha para levala á boca, alguén bateulle na caluga con algo contundente:

□Que fas?

O home desplómase como consecuencia do golpe e da súa enorme debilidade, pero cando xira a cabeza para ver quen o acosa ve a súa muller cun cullerón de ferro na man, disposta a repetir o golpe, e berrándolle:

□Nin se che ocorra comelas que son para o velorio!

BIBLIOGRAFÍA

Esta historia circula por internet desde, cando menos, principios do século XXI, con localizacións moi diversas pero sobre todo referidas a lugares de Iberoamérica (Venezuela, Arxentina, México, Uruguai) baixo o título □Las empanadas de la Cirila□. Actualmente a súa difusión é enorme, aínda que soe repetirse o mesmo texto polo método do □copiega□ en webs dedicadas a chistes e, sobre todo, a receitas de cociña.

Con localización en Galicia detectamos varias versións, sempre redactadas en castelán, con localización en □unha aldea□ de Pontevedra

ou máis recentemente na comarca d'O Courel

Non hai variacións de importancia en canto aos personaxes protagonistas nin aos motivos en ninguna das varias dúcias de versión que manexamos.